

## Acordos do Comité Galego de Caza

O martes 8 de xuño tiña lugar a xuntanza do Comité Galego de Caza, cuxos acordos servirán de base para confeccionar a “orde de vedas” que regule os períodos hábiles de caza das distintas especies cinexéticas para a inminente tempada de caza.

Dito Comité está formado polos diferentes representantes dos cazadores galegos, ecoloxistas e administración, todos eles baixo a presidencia de Ricardo García-Borregón Millán, Director Xeral de Conservación da Natureza.



Estas son as datas propostas polo Comité, sendo á Consellería do Medio Rural a quen corresponde aprobar a correspondente orde.

<b>Período hábil con carácter xeral</b>	Dende o 17 de outubro ata o 6 de xaneiro
<b>Días hábiles con carácter xeral</b>	Xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico
<b>Adestramento de cans</b>	Dende o 2 de setembro ao 16 de outubro xoves, sábados, domingos e festivos. Do 17 de outubro ata o 6 de xaneiro xoves, domingos e festivos

### CAZA MENOR

<b>Arcea e Agacha</b>	Dende o 17 de outubro ata o 6 de xaneiro. Tecores con plan aprobado ata o 6 de febreiro
<b>Lebre</b>	Dende o 17 de outubro ata o 5 de decembro en terreos de réxime cinexético especial
<b>Raposo</b>	En ganchos dende o 29 de agosto ata o 6 de febreiro. Tódalas modalidades dende o 17 de outubro o 6 de xaneiro
<b>Paspallás</b>	Tempada hábil xeral. Nos Tecores da antiga lagoa de Antela, dende o 21 de agosto ata o 12 de setembro (sábados e domingos)
<b>Pombo torcaz</b>	Tempada hábil xeral. Nos Tecores da antiga lagoa de Antela, dende o 21 de agosto ata o 12 de setembro (sábados e domingos)
<b>Aves Acuáticas</b>	Período hábil xeral
<b>Outras especies</b>	No caso dos tordos en período hábil xeral. Nos Tecores incluídos nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Tomiño, O Rosal e Tui increméntase este período ata o 30 de xaneiro.

### CAZA MAIOR

<b>Corzo</b>	En axexo dende o 1 de abril ata o 31 de xullo solo machos. En gancho, montería e axexo dende o 29 de agosto ata o 16 de outubro para os machos e dende o 26 de setembro ata o 16 de outubro máis o 23 de outubro para as femias
<b>Xabaril</b>	Dende o 29 de agosto ata o 30 de xaneiro
<b>Cervo, Gamo e Muflón</b>	En axexo dende o 12 de setembro ao 10 de outubro. Gancho e montería do 10 de outubro ao 20 de xaneiro